

DOMINGO 11 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Ex 19, 2-6a

Seredes para min reino de sacerdotes e pobo santo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ÉXODO

En chegando os fillos de Israel ao deserto do Sinaí, acamparon alí, ao pé do monte. Moisés subiu ao encontro de Deus, e o Señor chamouno desde a montaña, para mandarlle dicir aos descendentes de Xacob, comunicarlles aos israelitas:

- "Vistes como tratei aos exipcios, como vos levantei a vós sobre ás de aguias e vos acheguei a min. Se agora me obedecedes e gardades a miña alianza, seredes a miña propiedade escolleita entre todos os pobos, pois a terra é toda miña. Vós seredes para min un reino de sacerdotes, un pobo consagrado".

SALMO RESPONSORIAL Sal 99, 2. 3. 5

R/ (3c): Somos o seu pobo, o seu rabaño

Servide o Señor con alegría,
achegádevos con cántigas á súa presenza.

Sabede que o Señor é Deus,
que El nos fixo e que del somos,
o seu pobo, o seu rabaño.

Porque o Señor é bo.
O seu amor dura por sempre;
por xeracións a súa fidelidade.

SEGUNDA Rm 5, 6-11

**Se fomos reconciliados pola morte do Fillo,
moito máis seremos salvados pola súa vida**

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS ROMANOS

Irmáns e irmás:

De certo, xusto cando nós aínda estabamos sen forzas, no tempo preciso, Cristo morreu polos impíos. Non é fácil, en verdade, que alguén queira morrer por un home xusto (aunque por un home bo, quizais se atreva alguén a morrer); pero Deus demostrounos o seu amor no feito de que, sendo aínda nós pecadores, Cristo morreu por nós. Con máis razón logo, agora que xa estamos xustificadas polo seu sangue, seremos por El salvadas da ira. Porque, se cando eramos aínda inimigas, fomos reconciliadas con Deus mediante a morte do seu Fillo, moito máis, xa reconciliadas seremos salvadas pola súa vida. Aínda máis: mesmo orgullosas estamos en Deus por medio do noso Señor Xesús Cristo, por quen agora recibimos a reconciliación.

ALELUIA Mc 1, 15:

Acércase o Reino de Deus: facede penitencia e crede o Evanxeo

DOMINGO 11 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 9, 36 - 10, 8

Convocados os doce discípulos, mandounos evanxelizar

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, vendo Xesús a multitude, sentiu unha fonda compaixón por ela, porque estaban todos derreados e esmorecidos coma ovellas sen pastor. Entón díxolles aos discípulos:

- A anada é ben boa, pero os xornaleiros son poucos; así que rogádelle ao dono da colleita que mande xornaleiros á súa ceifa.

E chamando aos doce discípulos, deulles poder para botaren os espíritos malos e curaren toda enfermidade e doenza. Estes son os nomes dos doce apóstolos: o primeiro Simón, chamado Pedro, e mais Andrés seu irmán, Santiago o do Zebedeo e mais Xoán seu irmán, Felipe e Bartolomeo, Tomé e Mateo, o recadador de impostos, Santiago o de Alfeo e mais Tadeo, Simón o Zelota e Xudas Iscariote.

A estes doce mandounos Xesús con estas instrucións:

- Non vaiades a terra de pagáns nin entredes en vilas de samaritanos; ide máis ben ás ovellas perdidas da casa de Israel. E mentres camiñades proclamade que xa chega o Reino dos Ceos. Curade enfermos, resucitade mortos, limpade gafos, botade os demos fóra. E xa que de balde recibistes, dade de balde tamén.